

LIJA Y TERCIOPELO

¡A insuficiencia artificial!

Hablo con mi amigo Álvaro sobre la capacidad de la inteligencia artificial (IA) para crear textos. Él me contó que ya había programas redactando crónicas de partidos de fútbol. Qué bichos estos, con sus bits y sus bots, determinan con trigonométrica precisión los milímetros de un pase de Modric. El asunto me preocupaba, porque si una máquina puede hacer una crónica deportiva, supongo que es cuestión de tiempo que pueda hacer una columna de opinión y, ¡más terrible aún!, que pueda escribir poesía.

Pues resulta que ya puede: una IA llamada Verse, tiene un algoritmo con el que combina elementos de una enorme base de datos de poesía escrita y te sintetiza un verso. Odio pensarlo, porque para mí la poesía —la buena— es la prueba fehaciente de que el alma existe. Y si una máquina puede crearla, abre dos caminos: el alma no existe o el alma es una ecuación.

Me leí algunos de los poemas de la IA. No sé si se puede decir que son poemas, sí tienen un lenguaje poético, pero... hay algo ¿artificial? en ellos. Quizá esta máquina poeta sea la misma IA que pronosticó que el ganador de esta Champions League sería el PSG (20%) o Man. City (19%) o Liverpool (18%). El Madrid salía como noveno candidato con una probabilidad del 3%.

La IA no acertó al campeón por lo mismo que sus poemas nacen muertos: no tienen en cuenta el alma, motor del Real Madrid y de la poesía. No hay IA que compute unos últimos versos como los que Manrique dejó a la muerte de su padre, el cierre más conmovedor de la literatura: «y aunque la vida perdió/dejónos harto consuelo/ su memoria».

Historias que contar

Manuel Rodríguez
Arquitecto

«Rehabilitar con bo gusto non ten porque resultar necesariamente caro»

O profesional de Mazaricos é un experto na recuperación de contornas rurais

XOÁN RAMÓN ALVITE
MAZARICOS / LA VOZ

A pesar da súa xuventude, o arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle (Mazaricos, 1996) xa é todo un experto en proxectos de recuperación e habilitación de contornas rurais. Unha actividade que, segundo sinala, resulta especialmente satisfactoria dende o punto de vista profesional por canto permite dar unha nova vida a construcións que, nalgúns casos, están practicamente abandonadas.

Neste sentido, reconece sentirse sorprendido polo interese que, dende o inicio da pandemia, está suscitando a rehabilitación de vivendas rurais. «Máis do 50% dos nosos proxectos están vinculados á rehabilitación ou a obras de mantemento integral. Isto dá unha idea do cambio de mentalidade da sociedade, que cada vez valora máis o feito de dispoñer dun bo espazo no que habitar».

Un cambio de tendencia no que están a ter un papel importante as axudas postas en marcha polas diferentes Administracións e destinadas á realización de reformas integrais, a loitar contra o feísmo ou á mellora da eficiencia enerxética das vivendas. Unha liña, esta última, na que o seu estudo tramitou axudas por máis de 200.000 euros durante o último exercicio.

«Evidentemente, estas subvencións representan unha axuda importante para moitos promotores, pero tamén son unha ferramenta moi válida para impulsar que as cousas se fagan dun xeito correcto, apunta Manuel Rodríguez. Ao mesmo tempo, sinala que non sempre un traballo de calidade está vinculado a orzamentos excesivamente elevados.

«Ben é certo que cando se fala de rehabilitación, referímonos a inmobles que presentan un im-



Rodríguez, nunha das cabanas do Fieiro que deseñou e da que destaca a integración. CARMELA QUEJEIRO

portante deterioro, polo que a inversión que se debe levar a cabo neles xa non é a dun simple mantemento do edificio. Aínda así, como di un bo amigo meu, o bo gusto pode ser moi barato, e o malo pode levarte á ruína. Dende logo, está claro que rehabilitar con bo gusto non ten porque ser necesariamente caro», sentencia.

As cousas, ben estudadas

Con todo, insiste na necesidade de que o promotor teña as cousas claras e ben estudadas antes do inicio das obras. De feito, a súa experiencia, di que un problema recorrente en moitas obras é o de tentar levallas a cabo sen un proxecto previo.

Trátase dunha práctica que acaba derivando en continuos cambios que, ademais dun quebradeiro de cabeza, acaba traducíndose tamén en desembolsos de diñeiro co

que non se contaba nun principio.

«Sempre recomendamos aos clientes que se senten con nós as veces que eles estimen oportuno ata conseguir ver nos planos e imaxes que lles presentamos un resultado que realmente os convenza.

Unha vez conseguido iso, o demais son simples decisións técnicas que pouca variación van a supoñer sobre o orzamento final», explica este profesional que, aínda que só conta con dous anos de experiencia laboral, xa pode presumir de ser o autor dun proxecto tan emblemático como o campamento Mirador do Ézaro.

Un complexo turístico, formado por sete cabanas de madeira situadas no núcleo do Fieiro, do que di sentirse especialmente orgulloso. «Por suposto que supón unha satisfacción enorme ver como o teu primeiro proxecto ve a

luz e que o resultado final sexa do gusto da xente», afirma ao tempo que reconece a enorme dificultade que supón integrar nun entorno tan emblemático as diferentes construcións que formaban parte do proxecto.

«Tentouse facer a mínima intervención posible no entorno respectando ao máximo todo o arborado existente e calquera outro elemento que puidese ter o máis mínimo valor tradicional. Todo isto, xogando coa orientación dos diferentes elementos para aproveitar ao máximo as vistas da parcela», explica Manuel Rodríguez. O profesional destaca a forte aposta realizada polos promotores desta iniciativa turística que, ao seu entender, servirá para dar dinamismo e crear riqueza na zona, «unha satisfacción engadida para calquera arquitecto».

PULPERÍA / RAXERÍA **San Marcos**

Cocina aberta todo el día

Menú del día :

Primero y Segundo plato

Incluye:

Bebida • Ensalada • Pan • Postre o café

DE LUNES A VIERNES

San Marcos

Avda. de San Marcos, 50 (Carretera Aeropuerto) T. 981 561 931 • SANTIAGO DE COMPOSTELA